

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NA CONVOCATORIA DE PRAZAS E BOLSAS ERASMUS+ E COMPLEMENTARIAS PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTADO NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS PARA O CURSO 2023-2024

O 16 de novembro de 2022 publicouse a resolución reitoral coas bases reguladoras e a convocatoria de prazas e bolsas Erasmus+ e complementarias para a selección de estudantado no marco do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2023-2024. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e seguindo co establecido na base quinta da convocatoria, esta Reitoría

### RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de solicitudes admitidas no anexo I
2. Publicar a listaxe provisoria de solicitudes excluídas no anexo II

As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución no prazo de **dez días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución**, achegando, se é o caso, a documentación necesaria ou emendando a falta, mediante [SXER-Instancia Xenérica](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Transcorrido o prazo de alegacións, procederase á publicación da resolución definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

A continuación, seguindo o establecido na base quinta da convocatoria, os centros da Universidade de Vigo realizarán a selección das candidaturas e publicarán as listaxes provisorias de persoas seleccionadas coa adxudicación do destino, de suplentes e de persoas excluídas.

Por último, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de persoas candidatas seleccionadas con adxudicación de destino, suplentes e excluídas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M<sup>a</sup> Isabel del Pozo Triviño